



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 14 de agosto de de 2024, pola que se acorda aprobar as bases que han de rexer a contratación dun peón do punto limpo substituto (2º) adscrito ao punto limpo encargado da recepción, rexistro, distribución, clasificación e entrega dos diferentes residuos depositados no mesmo así como da realización adicionais de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de espazos públicos municipais, durante as situacións de baixas laborais por incapacidades e/ou vacacións do titular do posto e do seu substituto.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentouse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, unha única solicitude:

NOME E APELIDOS	DNI
MARCOS JUAN MALCHON VALIÑO	*** 1766**

Resultando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación no *“caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que o único/a candidato/a reúna os requisitos esixidos non será preciso a realización do proceso selectivo”*.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar ao único candidato presentado, D. Marcos Juan Malchon Valiño, para o posto de peón de punto limpo a media xornada, durante as situacións de baixas laborais por incapacidades e/ou vacacións do titular do posto e do seu substituto.

Segundo.- Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que





Concello de Oza-Cesuras

consta no expediente, que deberán presentar nun prazo máximo de 24 horas os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

Terceiro.- Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato conforme ao previsto na lexislación vixente

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE

A secretaria accidental

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- María Belén García Otero

